



É ti coñécelo?

Concello de Monterrei

#descubremonterrei



CAMIÑO DE SANTIAGO

No concello de Monterrei discurren dúas variantes do Camiño de Santiago partindo unha delas do Camiño Portugués de Interior e a outra da variante da Vía da Prata, entrando no concello polo camiño real dende Verín.

O primeiro punto polo que se transita é a vila de Monterrei, acrópole con triple liña de muralla, maior en extensión de Galicia, e tras atravesala Porta do Sol, entrada orixinal de época medieval, aparece o Hospital da Trindade, lugar para acoller a peregrinos dende esa época, agora adicado a actividades culturais.

O camiño volta a ofrecer dúas opcións de continuidade. No entorno da fonte do Castelo, nas proximidades da Atalaia, unha posibilidade cara Laza cruzando diferentes sendeiros por A Pousa hacia Mixós donde se atopa a igrexa prerrománica de Santa María, seguindo a Estevesiños e Vences.



Noutra posibilidade, seguindo entre viñedos da Denominación de Orixe Monterrei, chégase a Albarellos, onde a súa igrexa está adicada a Santiago. Segue o camiño por Infesta subindo dirección Guimarei onde saímos do concello dirección Viladerrei, no concello de Trasmiras.



Sabías que?



A variante do camiño de Santiago da Vía da Prata-Camiño Mozárabe é a ruta xacobeá con máis percorrido en terras galegas, atravesa 3 provincias (Ourense, Pontevedra e A Coruña).



Enoturismo



Sabías que?

En tempos de Gaspar de Zúñiga e Acevedo, V conde de Monterrei e virrei da Nova España, fundouse a adega máis antiga de América, Casa Madero, por mercé concedida polo propio virrei.

A cultura do viño en Monterrei ven de lonxe, pois xa os romanos foron os encargados da súa introducción e da súa primitiva elaboración, deixando a súa pegada con estruturas en pedra a modo de lagares rupestres, tendo a comarca de Monterrei a maior concentración de Galicia. O esplendor chega na idade medieval e moderna coa comercialización, nacional e internacional, por parte dos señores de Monterrei. A finais do s. XX constitúese a Denominación de Orixe Monterrei que é a encargada de velar polo compromiso coa elaboración de viños de calidade.

A porcentaxe de produción de uva de tintos e brancos é a máis equilibrada de Galicia. Tendo como variedades preferentes a uva mencia e o merenzao, en tinto, e o godello, a treixadura e a dona branca, en branco.

Os viñedos divídense en dúas subzonas, a do val e a da ladeira de Monterrei producindo para as 27 adegas da Denominación de Orixe. No concello de Monterrei contamos cas seguintes: Pazos del Rei, Valderello e Terras do Cigarrón en Albarellos; Fragas do Lecer, Vía Arxénteia e Castro de Lobarzán en Vilaza e Crego e Monaguillo, na Salgueira.

Sendo posible coñece-lo proceso de produción, percorrer viñedos con historia e degusta-los viños de Monterrei achegándose a adegas, participando na Feira do viño de Monterrei ou nas xornadas de portas abertas das rutas do viño de Galicia.

Máis información 988 59 00 07



ITINERARIOS PARA DESCUBRIR MONTERREI

MONTERREI-MIXÓS-VENCES-A POUSA


Comezamos percorrido na vila de Monterrei, protexida por varias liñas de muralla. Dende a oficina de turismo seguimos á Porta do sol, de orixe medieval, pola que accedemos ó interior da vila. Recíbenos o Hospital da Trindade, construído para acolle-los necesitados e peregrinos cara Santiago; seguindo pola segunda liña de muralla, alcanzamos a ve-la igrexa de Santa María de Graza e o pazo dos condes de Monterrei (1). Na portada norte da igrexa botamos un intre interpretando a súa figuración e no interior gárdase unha representación da paixón de Cristo a modo de retablo pétreo.

Xa no patio de armas observamos construcións do pasado medieval do espazo e da súa evolución ó longo do tempo, con torres dos séculos XIV e XV e pazo condal renacentista.

Sáímos cara Mixós onde se atopa a igrexa de Santa María (3), a máis antiga da comarca. Un templo de orixe prerrománico que conserva, no seu interior, pinturas murais de época medieval e elementos constructivos, que lembran a presenza dun mosteiro na mesma zona.

Chegamos ata Vences, logo de atravesar Estevesiños, lugares caracterizados por conservar a súa arquitectura popular ó longo do tempo. Seguindo a estrada cara Laza podemos achegarnos a ó petróglifo de “As Cuncas” (2), na beira dunha pista, unha das mostras do rico arte rupestre desta zona de Galicia.

Podemos voltar, cara ó inicio, seguindo o curso do río Támega, afluente do río Douro. Tendo na localidade de A Pousa a posibilidade de desfrutar da súa área fluvial (4).



VILAZA-REQUEIXO-MEDEIROS



Este percorrido comeza en Vilaza, ó caron da torre medieval (2), na igrexa parroquial de San Salvador, un dos mellores exemplos de torre románica de Galicia. Dende alí paseamos pola ribeira do río Rubín observando construcións de arquitectura popular galega, onde destacan varios pazos de familias influentes na zona como os Hermida, os Limia, os Araujo ou o actual aloxamento rural O retiro do Conde. Seguindo unha pasarela (3) chegaremos ata a confluencia dos ríos Rubín e Búbal, afluentes do río Támega, dende alí podemos achegarnos á área fluvial de Alameda.

Seguindo o curso do río Búbal, hacia Medeiros, atopamos Requeixo, onde aínda se poden ver restos do Balneario e da planta embotelladora de Augas de Vilaza que aproveitaban recursos de auga minero medicinal ata a metade do século XX.

Outro elemento a destacar, nesta ruta cara Medeiros, son os lagares rupestres, estruturas para elaborar viño entre rochas. No percorrido, case que o carón da estrada, está o Lagar da Chaira.

Xa en Medeiros, unha das localidades de maior poboación no pasado, destaca o grande número de cruceiros (4) e a igrexa barroca de Santa María (1), de fachada triangular e de gran beleza interior.

Nos arredores de Medeiros, atopamos dous importantes elementos patrimoniais a indicar; un deles é o castro do Muro do Búbal onde poderemos busca-la Cadeira da Moura e os tesouros que agocha no seu interior; o outro é a necrópole altomedieval, á beira da capela de San Salvador de Rozas, onde apareceron sepulcros datados entre o século XII e o XV.

Sabías que?

Conta a lenda que unha moura se namorou dun soldado e viñeron vivir para o Muro da Cidade de Medeiros, de onde era él. Pero a moura era tan voraz que comía un boi diario e ó non poder quedar alí decidiron baixar para unha quinta rica que había no val. Pero en agradecemento pola súa hospitalidade, a moura fíxolles un agasallo ós habitantes do Muro: deulles a vide, para que cultivaran viño.



ALBARELLOS-INFESTA-GUIMAREI



O punto de inicio é a capital do concello de Monterrei, Albarellos, tomando como referencia a casa do concello, podemos achegarnos á igrexa de Santiago (1), vencellada ó camiño de Santiago da Vía da Prata-Camiño Mozárabe, con estruturas de estilo barroco e posteriores, sobre unha capela románica, destacando unha torre construída en tres fases que puideron ser as que tivo a igrexa: Unha de etapa románica, outra barroca e a derradeira no século XX cando se coloca o reloxo. Faise agradable o paseo polas súas rúas con varias casas blasonadas como a dos Sandiás ou as dos Araujo, tamén é de salientar a plaza Angel Medeiros.

Seguindo o percorrido do camiño de Santiago, cara o nacemento do río Rubín, atopamos a localidade de Infesta. Para chegar ó principal atractivo, a igrexa parroquial de San Vincenzo (2), percorremos as súas estreitas rúas, donde aínda permanecen algúns elementos da arquitectura tradicional. A localización da igrexa, nun alto, serve como mirador da aldea e da serra de San Salvador (3). No templo podemos observar diferentes estilos artísticos, resaltando a súa espadana na fachada principal e no interior consérvanse pinturas murais sobre unha tumba antropomorfa.

Para pechar esta ruta continuamos subindo ata Guimarei, alí recomendamos pasear polas rúas e descubrir marcas gremiais (4) e outras decoracións talladas en pedra que podemos observar en diferentes edificacións. Este é o derradeiro pobo do concello de Monterrei, nesta ruta, e fai fronteira co concello de Cualedro.

Sabías que?

A igrexa de Santiago de Albarellos, na súa orixe, foi un antigo refuxio para peregrinos. Conta cunha torre campanario cun reloxo con catro esferas para que poida ser ollado dende calquera punto da localidade.



¿Sabías que?

A tradición indica que o culto á virxe da Caridade foi iniciado pola condesa de Monterrei ó mandar construír un santuario, na honra da virxe, alí onde se recuperara dunha doenza nos ollos e isto aconteceu neste lugar logo de lava-los ollos con auga da fonte.

SAN CRISTOVO-FLARIZ-A CARIDADE



Como punto de partida propoñemos San Cristovo, pola súa situación xeográfica, lugar de intercambio comercial con Portugal, sendo a única aldea do concello de Monterrei que fai fronteira co país veciño. Faise interesante percorrer a localidade que conserva elementos da arquitectura popular galega, como son un pombal (1), único conservado do concello, un forno comunitario e a igrexa adicada a San Cristovo.

Continua a ruta entre castiñeiros e carballos para facer parada en Flariz, donde destaca a inmensidade da torre campanario da igrexa de San Pedro (2), que lembra a torre do reloxio da catedral de Santiago, e como esta pertence ó estilo barroco. Seguindo a tradición popular: “...de la montaña Flariz...” non se debe deixar de percorrer e admirar a beleza da aldea vendo algún cruceiro, que xunto cos que se atopan ó caron da igrexa facían parte da tradición relixiosa do viacrucis.

O percorrido continúa cara a Sandín donde destaca o seu núcleo habitado con igrexa, de pequena espadana, elementos de uso comunitario como fontes e forno e nas proximidades, logo dun percorrido por sendeiros, debemos descubri-los petróglifos do Penedo do Muro, unha mostra máis do abundante arte rupestre que se atopa espallado por toda a comarca de Monterrei.

O derradeiro punto desta ruta é a Caridade, que nos leva polo Camiño Real hacia o Val de Verín e Monterrei. O máis destacado da localidade é o Santuario da Virxe da Caridade (3), onde dunha pequena ermida, de orixe medieval, se pasa a unha construción barroca, a modo de santuario, de gran devoción, que reunía en tempos de festa a miles de persoas. Nas proximidades do santuario está a miragreira fonte da Virxe, e un cruceiro de gran beleza.



A oficina de turismo de Monterrei encontrase dentro da Acrópole, a carón do paseo das damas, era o antigo posto de garda da nova porta do sol. Dentro conserva unha lareira e no seu exterior chama a atención a súa voluminosa cheminea.

Este é o punto de encontro das visitas guiadas á Vila de Monterrei, que se poden facer baixo reserva contactando coa propia oficina.

O concello de Monterrei, está situado na comarca de Verín, ten unha superficie de 119 km². Limita ao norte con Laza e Castrelo do Val, ao sur con Portugal, ao leste con Verín e ao oeste con Oímbra. Ofrece contrastes acusados entre as zonas de val e montaña. Los altos de Meda al norte y el monte Larouco al sur conforman un paisaje de gran diversidad y riqueza entre viñedos y castaños.

A poboación distribúese en dezaseis aldeas: Albarellos, Infesta, Guimarei, A Salgueira, A Caridade, Sandín, Flariz, A Madanela, San Cristovo, Medeiros, Vilaza, Monterrei, A Pousa, Estevesiños, Mixós, e Vences.

A nivel patrimonial a superficie do concello conta con dous Bens de Interese Cultural como o Castelo de Monterrei e a Igrexa de Santa María de Mixós. Na confluencia do concello con Oímbra atópase unha das poucas mostras de pinturas rupestres prehistóricas de Galicia no xacemento da Ceadá das Laxes das Chás ou Castelo de Lobarzán.

O patrimonio natural, o seu paso polo concello, ten espazos protexidos no río Támega e no río Bubal.

En Monterrei celébrase a festa de Interese Turístico de Galicia da Xuntanza Internacional de Gaiteros.

As comunicacións fanse pola autoestrada A52, coa meseta e a 40 minutos con Ourense. Tamén se emprega a N525 para chegar a Verín, cabeceira comarcal, e a N532 a Portugal.

OFICINA DE TURISMO MONTERREI

**Paseo das Damas s/n,
Castelo de Monterrei,
32618, Monterrei, Ourense.
988-36 13 60
turismo@monterrei.gal
@turismomonterrei**

www.monterrei.es/turismo

Info. de interés

**Reserva previa
visita á igrexa de Santa M^a de Mixós
639 70 99 75
Concello de Monterrei
988 41 80 02**



CONCELLO DE
MONTERREI